

FESTIVAL A CORUÑA MANICÓMICOS 2025

Do 17 AO 20 DE XULLO



Concello da Coruña



Deputación
DA CORUÑA

GADIS



**Volve o Festival Manicómicos ás rúas
e prazas da cidade de A Coruña!
Xa van 24 edicións!**

Manicómicos presenta unha extensa e
coidada programación para todos os
públicos, como aperitivo perfecto previo
ás festas de María Pita, con espectáculos
de alto nivel internacional, e cun apoio
incondicional ao circo galego.

PROGRAMACIÓN

XOVES 17

18h / Paseo das Pontes / Rojo Telón / *Transir*

20h / Paseo das Pontes / Cía. Jimena Cavalletti / *B.O.B.A.S.*

22h / Paseo das Pontes / La Bella Tour / *La Bella Tour*

VENRES 18

12:30 / Campo da Leña / Circo Eia / *La piedra de madera*

18h / Campo da Leña / Circocido / *Mayday*

20h / Campo da Leña / Maiclown / *Alone*

22h / Campo da Leña / Bucraá Circus / *El Gran final*

SABADO 19

12:30 / Praza das Conchiñas/ Aitor Garuz-Pistacatro
O autoestopista intergaláctico

18h / Praza de Pablo Iglesias / Cía. Yepa / *Signora Gomez*

20h / Praza de Pablo Iglesias / La Churry / *Woooow!*

22h / Praza de Pablo Iglesias / Cía. Maite Guevara / *Susto*

DOMINGO 20

12:30 / Casa das Ciencias / Assircópatas
Rogelio 3 – La Fête

19h / Anfiteatro Sta. Margarida / *Gala 24 Festival*

FESTIVAL 2025
MANICÓMICOS

24 EDICIÓN

XOVES



Xoves 17 / 18h / Paseo das Pontes

TRANSIR

**Teatro de movemento / Humor / Acrobacia Aérea /
Todo público / 50'**

Unha explosión de cor, un xogo sobre a transformación, o cambio, a vida e a morte. Un concerto visual de CIRCO POP, en clave de humor, desenvolto entre as catro patas dunha estrutura de aéreos circense. No circo, como cada día, xogámonos a vida.



ROJO TELÓN

Euzkadi

Compañía vasca nacida en 2015, formada pola arxentina Ana Cuervas, a almeriense María Salmerón e a biscaíña Begoña Peñaranda. En Transir úneselles na música en directo Xandra Arostegui. Un proxecto en feminino a través das artes do movemento, o circo e a música.



Xoves 17 / 20h / Paseo das Pontes

B.O.B.A.S.

Clown e música / Todo público / 45'

As B.O.B.A.S., Banda Orquestral Benéfica de Actos Sepulcraís, é unha humilde banda musical que organiza cerimoniais de enterros, pero desta volta o cura e o morto non dan chegado. Estas tres músicas, durante o retraso do difunto, comparten xunto á familia e amizades unha espera sumamente incómoda... e desastrosa.



CÍA. JIMENA CAVALLETTI

Comunitat Valenciana

Compañía creada da man incondicional de Laia Sales. A principal busca artística é a cercanía, a relación directa co público, o humor, a música e a normalización de ver mulleres en escena facendo humor. As B.O.B.A.S son Lisa Madsen, Laia Sales e Jimena Cavalletti.



Xoves 17 / 22h / Paseo das Pontes

LA BELLA TOUR

Clown e circo / Todo público / 50'

Unha parodia de como dous pallasos da vella escola tentan sobrevivir ao mundo moderno, facendo o único que saben facer, aínda que non o fagan da maneira máis ortodoxa. Coa súa herdanza circense dentro dunha maleta, farán o imposible por manter a tradición familiar e conseguir a gargallada do público.



LA BELLA TOUR

Catalunya / Galiza

Roi Borrrallas e Guillermo Aranzana son dous galegos afincados en Catalunya, onde levan a cabo os seus proxectos, tanto como parella como independentemente. Dous grandes clowns cunha extensa e premiada traxectoria internacional.



VENRES




Venres 18 / 12:30h / Campo da Leña

LA PIEDRA DE MADERA

Teatro de movemento / Todo público

120 espectadores / 50'

Un proxecto de creación para tres acróbatas, que ten como pilares a investigación acrobática e o encontro cercano co público. Un espectáculo transxeracional que busca o contacto e o diálogo real entre as persoas, utilizando unha linguaxe circense baseada no equilibrio, a confianza e o humor.



CIRCO EIA

Catalunya

Celso Pereira, Francesca Lissia e José Luis Redondo, dan vida a este espectáculo de EIA, compañía de referencia no circo contemporáneo catalán, español e europeo, logo de 15 anos de experiencia colectiva e con cinco espectáculos en activo. No centro das súas creacións convive un circo humano, capaz de evocar a complexidade das relacións humanas.



Venres 18 / 18h / Campo da Leña

MAYDAY

Clown e Circo / Música / Todo público / 50'

Hoxe non é o día de sorte de Edmundo Ezmío: o seu fabuloso Tricóptero sufríu unha avaría e tivo que realizar unha aterraxe forzosa nunha paraxe descoñecida. Ata alí chega Silveria Sagaz para tentar axudalo coas súas solucións improvisadas. Un espectáculo que mestura a comedia coa reflexión sobre a amizade, o proceso creativo, o caos e a xenialidade.



CIRCOCIDO

Madrid

Circocido é unha compañía de circo e teatro de rúa afincada na Serra de Madrid, que nace en 2007 e está formada por Marta Amezcua e Oscar Alba, artistas de circo especializados en portes acrobáticos, malabares e clown, maxia e música.



Venres 18 / 20h / Campo da Leña

ALONE

Clown / Teatro Físico / Teas aéreas / Todo público / 50'

A soidade, a competencia, o orgullo e o perdón son algúns dos desafíos aos que se enfrentará esta pallasa chamada Alone, ao igual que cada unha de nós facemos día a día. Como somos e como nos sentimos cando estamos sós?



MAICLOWN

Madrid

Compañía de Circo-Teatro creada no 2016 por Maité Esteban, pallasa, actriz e acróbata aérea Arxentina. Afincada en Madrid, crea TENTACIÓN DIVINA e ALONE, unipersonais cos que participa en numerosos festivais. Compaxina o seu traballo artístico coa pedagogía e o circo social, realizando varias expedicións de pallasas a países en conflito.



Venres 18 / 22h / Campo da Leña

EL GRAN FINAL

Clown / Teatro xestual / Todo público / 50'

Un espectáculo que nos sumerxe nun mundo pasado e particular, pola súa estética infinitamente cuidada e a súa beleza poética, e que nos atrapa coa capacidade de xogo e improvisación dos seus personaxes. Unha historia de amor e guerra coroada por un “Gran Final” que non se pode desvelar e que é preciso ser vivido!



BUCRAÁ CIRCUS

Catalunya

Compañía de clown e teatro xestual creada no 2018, ano da estrea do seu primeiro espectáculo EL GRAN FINAL, en co-produción co Festival internacional de Pallasos de Cornellá. A compañía está formada por Fernando Villella (Fer Catastrofer) e Marc Florencio (Marc Filigrana) e foi premiada por este espectáculo en festivais como Circada ou Zirkólika, entre outros.



SÁBADO



Sábado 19 / 12:30 / Praza das Conchiñas

O AUTOESTOPISTA INTERGALÁCTICO

Clown e circo / Todo público / 50'

Unha porta cara outros mundos e universos, a través do transformismo e o clown, para levar a cabo unha das viaxes intergalácticas máis absurdas e divertidas que poidas imaxinar. O pracer do xogo e a imaxinación son os detonantes desta peza de humor absurdo e circo.



AITOR GARUZ – PISTACATRO

Galiza

Pilar fundamental do novo circo galego, parte activa de Pistacatro e Circonove desde os comezos, leva xa case 25 anos “in love” co circo, a improvisación e o clown. Actualmente en xira co espectáculo premiado internacionalmente “Orquestra de malabares” e a última creación da compañía Pistacatro “Sen Patrón”.



Sábado 19 / 18h / Praza de Pablo Iglesias

SIGNORA GOMEZ

Clown / Corda frouxa / Todo público / 45'

Unha fermosa acróbata está a piques de chegar á pista para facer o seu aclamado número de corda frouxa e Signora Gomez é a encargada de telo todo preparado. Pero como a tal artista non dá chegado, sente o impulso de probar as alturas, facendo que o humor e a arte do equilibrio se abaneen na mesma corda.



CÍA. YEPA

Suiza

Compañía unipersonal creada por Eva Cermak, artista de corda frouxa e clown de Suiza. Conta con máis de 10 anos de experiencia como artista de rúa. Co seu espectáculo "Signora Gomez" foi de xira por moitos países de Europa e Sudamérica, facendo que onde ela apareza, a rúa se transforme.



Sábado 19 / 20h / Praza de Pablo Iglesias

WOOOOOW!

Clown / Todo público / 50'

Atrévete, decídete, dá o salto e cae sen paracaídas! A vida son tres segundos e un e medio durmimos... Non te preocupes, La Churry farache entender o concepto do “Modo de vida nivel Diosa”. Sen dúbida, unha experiencia Woooooow! que che cambiará a vida!



LA CHURRY

Catalunya

Gina Segura é La Churry, unha muller e pallasa de pequeno tamaño, namorada da vida. Hai anos decidiu habitar os escenarios coa certeza de que un pequeno nariz vermello pode cambiar o mundo. En formación constante e integrante de diferentes compañías de teatro e circo.



Sábado 19 / 22h / Praza de Pablo Iglesias

SUSTO

Comedia / Maiores de 12 / 60'

Catro comediantes tentan sacar adiante un espectáculo de terror. Queren que funcione e que a xente trema co medo. Ensaiárono todo, preparárono todo perfectamente, todo estudiado ata o último detalle... Pero non é fácil dar medo. Non é fácil ser artista. Nin ser un equipo. Non é fácil, pero... non hai valentes sen medo! Un espectáculo para rir de medo e tremer coa risa.



CÍA. MAITE GUEVARA

Euzkadi

Desde Bilbao chega a todoterreo Maite Guevara: actriz, directora, formadora, creadora... e sobre todo, pallasa. Unha das figuras máis destacadas do panorama nacional actual e cunha incipiente proxección internacional. SUSTO é o seu primeiro espectáculo de gran formato, cunha produción do máis terrorífico.



Domingo



Domingo 20 / 12:30h / Casa das Ciencias

ROGELIO 3 – LA FÊTE

Clown e circo / Todo público / 50'

Rogelio, ese entrañable personaxe creado polo cangués Dani Blanco, preséntanos a última entrega dunha triloxía de éxitos. Que pasaría se ninguén viñera ao teu aniversario? Se ninguén cantara os parabéns para tí? Rogelio volve estar só e desta vez no seu día máis especial. Queres acompañalo?



ASSIRCÓPATAS

Galiza

Compañía galega formada en Cangas no 2003 por Dani Blanco e Xesús Graña “Chusmi”, que fan da rúa e do circo o espazo e a ferramenta para compartir a súa particular forma de ver o mundo. Rogelio 3 é unha coprodución de AsSircópatas e a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.



Domingo 20 / 19h
Anfiteatro Santa Margarida

GALA 24 FESTIVAL MANICÓMICOS

Variedades cómicas e circenses / Todo público / 90'

Como xa é tradición, o Festival Manicómicos pecha a súa programación cunha gala de variedades cómicas e circenses, para celebrar por todo o alto unha edición máis, coa participación de artistas que pasaron polo festival e outros invitados para a ocasión. Hora e media de diversión familiar garantida. Todo un clásico de Manicómicos e o seu festival.



